



## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. MARCO LEGAL.
3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES
4. OBXETIVOS
5. CONTIDOS
6. ACTUACIÓNS:
  - 6.1. Comunicación ós centros.
  - 6.2. Departamento de Orientación.
  - 6.3. Medidas de atención as necesidades do menor.
  - 6.4. Medidas organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio:
  - 6.5. Medidas para a información e formación da comunidade educativa:
  - 6.6. Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero:
7. IMPLEMENTACIÓN.
8. AVALIACIÓN E SEQUIENTO.
9. BIBLIOGRAFÍA.
10. CONCLUSIÓN.

## 1. XUSTIFICACIÓN:

A escola cumpre una función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste sentido, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores como igualdade/ pluralidade/diferencia/respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola, polo tanto, é un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais.

Unha escola verdadeiramente inclusiva, como a proposta desde a lexislación, ten que respectar a identidade de cada persoa e normalizar calquera situación.

A Xunta no 2016 elaborou un protocolo col que poñer a disposición dos centros medidas tendentes a guiar as actuacións en materia organizativa e de resposta do sistema educativo para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual.

A partir de estas recomendacións, o centro establece no seu Plan de Convivencia as medidas particulares necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa. Prestando una especial atención ós menores de idade, así como garantir que todas as normas/medidas e actuacións previstas no Plan de Convivencia e nas NOFC do centro se redacten cunha perspectiva de xénero que garanta la diversidade afectivo-sexual e de identidade sexual.

Unha vez aclarada a necesidade deste documento que formará parte do Plan de Convivencia do nos IES, resulta imprescindible realizar unha breve aclaración conceptual:

- *IDENTIDADE DE XÉNERO: sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos seus xenitais ou dotación cromosómica da persoa.*
- *IDENTIDADE REXISTRAL: é a que se fai no momento do nacemento.*
- *TRANSEXUALIDADE: situación na que se encontran as persoas con identidade rexistral que non coincide coa súa identidade de xénero.*
- *CISEXUALIDAD: situación na que se encontran as persoas nas que coincide a identidade rexistral e de xénero.*
- *ORIENTACIÓN SEXUAL: é la atracción emocional, romántica, sexual o afectiva cara outras persoas.*

*A condición de persoa transexual é un fenómeno biolóxico innato (a identidade de xénero residen no cerebro, formándose ós 3-4 anos. Unha vez determinada, é invariable, non é deliberada nin un trastorno mental ou de comportamento. É unha condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos 2 anos y medio.*

*A identidade de xénero de cada persoa é vivida de forma única e individualizada, polo que non podemos abordar esta cuestión desde a homoxeneidade. Por elo as necesidades de apoio y acompañamento, tanto organizativas como educativas, serán diferentes en cada persoa.*

*A manifestación en menores de desconformidade coa súa identidade de xénero poden supoñer unha situación de especial vulnerabilidade e chegar a provocar problemas como o rechazo social o incluso acoso, que incide en las experiencias educativas.*

*Estas situacións poden desembocar en abandono escolar tempera con repercusións negativas no futuro persoal e profesional.*

## 2. MARCO LEGAL

- Constitución Española de 1978.
- Declaración Universal dos dereitos humanos.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, na que por primeira vez se aborda no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.
- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso escolar e Ciberacoso editado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; coa finalidade de establecer unhas pautas comúns de actuación.
- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; elaboradas co propósito de trasladar o Protocolo Xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 3/2007 para la igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Lei 2/2014 por la igualdade de trato y no discriminación de lesbianas, gay, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. Que inclúe unha mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poida apreciarse no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.
- Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.

### 3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

Tendo en conta que este documento formará parte do Plan de Convivencia do centro e que este apartado figura en dito documento, compre recorrer ao mesmo.

Non obstante, atendendo as peculiaridades deste , creo necesario destacar o seguinte:

- Non temos alumnado transexual.
- Non contamos con asociacións, na contorna, que poida colaborar con nos na organización de actividades a prol da diversidade sexual.
- Nin na nosa Biblioteca, nin na do Concello, existe material, actualizado nin axeitado, acerca da diversidade sexual.
- A formación do noso profesorado no campo da sexualidade, a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual é deficiente.
- Non contamos con información acerca de como se concibe a diversidade afectivo-sexual e a identidade de xénero na familia, no profesorado e na contorna.
- O noso alumnado non comprende a diferenza entre identidade de xénero e identidade rexistral, ou entre transexualidade e cissexualidade.
- A única actuación que se estaba a desenvolver no centro en relación a Educación Sexual foron as charlas, impartidas polo centro QUÉROTE + de Ourense, para alumnado de 3º ESO. Compre ter en conta que no curso 2017-2018 accedemos o QUÉROTE + do Plan Proxecta. E ante o fracaso do mesmo solicitamos a colaboración da Cruz Vermella de Lugo, impartindo un obradoiro sobre Sexualidade no curso 2018-2019.

### 4. OBXECTIVOS

- Aceptar a diversidade afectivo-sexual como unha realidade social.
- Recoñecer a transexualidade como un fenómeno biolóxico innato.
- Desenvolver a propia autonomía e a identidade persoal con independencia do sexo.
- Recoñecer e integrar á diversidade, en particular a sexual, como valor e riqueza.
- Potenciar o valor da afectividade, sensibilidade, emoción, bondade e tenrura con independencia do sexo.
- Descubrir a igualdade de posibilidades e a equivalencia nas aportacións de homes e mulleres.
- Aceptar, valorar e respectar as características das outras persoas sen deixarse influenciar por actitudes discriminatorias.
- Colaborar na construción e desenvolvemento dunha sociedade ou relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto á individualización, singularidade e ós dereitos de toda persoa.

- Identificar e realizar unha análise crítica das manifestacións sexistas ou discriminatorias que se produzan na linguaxe, ambiente social e cultural, na publicidade, nos medios de comunicación,...

#### 5. CONTIDOS:

- Sexo versus xénero.
- Identidade de xénero.
- Orientación sexual.
- Diferenzas biolóxicas e de identidade entre as persoas de distintos sexo.
- O traballo doméstico: a división social do traballo.
- Discriminación cultural, histórica e lingüística entre sexos.
- Homes e mulleres na sociedade actual.
- Roles masculinas e femininos na escola.
- Discriminacións nos distintos ámbitos da vida en función do sexo.

#### 6. ACTUACIÓNS:

##### a. **Comunicación ós centros:**

- Cando se comunique por escrito ó centro educativo a existencia dunha identidade de xénero diferente da que foi asignada no nacemento, tomaranse as medidas necesarias para garantir os dereitos que lle asisten, así como un adecuado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

O equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á XDO para que se analice o caso e se activen os recursos que poidan ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e na atención ó principio de inclusión.

- Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste sentido de un menor de idade escolarizado, a través da Familia e co seu consentimento, poderá remitir ó centro educativo aquela información e orientación que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciarse, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

##### b. **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

- o Cando sea informado dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada a do nacemento, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:
  - A comunicación da situación á Dirección do centro, por escrito, para activar as medidas que sexan procedentes.
  - Recursos sociais e sanitarios que están a súa disposición, no caso de que a familia ou persoa interesada necesite apoio o axuda neste ámbito.

Realizará, con autorización de familia, unha avaliación psicopedagóxica mediante a cal se poderán detectar posibles necesidades educativas, que se plasmarán nun informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións e atención á diversidade apropiadas (dirixidas tanto ó alumnado como ós restantes membros dea comunidade educativa) de acordo con la normativa en atención á diversidade, ó Plan de convivencia do centro e as orientacións en esta materia.

- Cando un alumno/a menor de idade, non emancipado, comunique esta situación ó centro sen coñecemento de súa familia, ó centro educativo facilitará a dito alumno/a s o seu apoio e mediación na comunicación coa familia, así como o acceso ós recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- Cando na actitude da familia ou algún membro da comunidade educativa, se detecten claramente indicadores de maltrato por identidade de xénero do menor, se activarán las actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro (PC e NOFC) e, no seu caso, nos protocolos de atención ó maltrato infantil.
- DO, conxuntamente co profesorado, adoptará medias para a información e formación da comunidade educativas coa finalidade de que o menor poida desenrolarse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfases no coñecemento e respecto á realidade transexual.

### **6.3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á NECESIDADE DO MENOR:**

- Se calquera membro do persoal docente observa nun alumno/a manifestacións ou comportamento repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado no nacemento, sen que a familia advírtese nada ó respecto, debe informar á Dirección do centro. A Dirección, xunto co titor/a, e co apoio do DO, establecerá una reunión cola familia para abordar a situación percibida, poñéndose á disposición da familia a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.
- Una vez realizada a manifestación expresa ó centro, e o informe psicopedagógico, a Dirección establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e familia, XDO e titor/a. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades especiais de apoio educativo no marco del Plan de Convivencia do centro, se establecerán as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.

Se algún dos representantes legais do menor se opuxese á adopción destas medidas, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ó interese superior do menor.

- Unha vez establecidas as medidas, se darán traslado de la seguinte maneira:
  - Titor traslada ó equipo docente as cuestións relevantes e as súas funcións.
  - Na reunión do Claustro se comunicarán todas aquelas medidas que afecten á totalidade dos docentes.
  - A secretaría do centro trasladará a información estritamente necesaria ó persoal non docente.

### **6.4. Medidas organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio:**

Con independencia de todas aquelas medidas e actuacións que se derivan da avaliación psicopedagógica e da coordinación mencionada, establécense as seguintes recomendación xerais:

- Dacordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.
- A comunidade educativa dirixirase ó alumnado polo nome que se acorde na reunión anteriormente sinalada. Tamén se usará ese nome na documentación do centro, non regulamentada legalmente.
- Facilitarase ó alumando o acceso ó vestiario/aseo que corresponda co xénero co que se sente identificado. Para levar a cabo esta medida, adoptaranse as medidas organizativas que se estimen oportunas.



- Garantirase o dereito a elixir a súa propia imaxe e a adaptala ó xénero que sinto como propio.
- Garantirase á difusión da realidade sobre a Identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- Respectarase o dereito á privacidade e honra do estudiantado e de todos os membros da comunidade educativa.
- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme ao sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevenir, estarase ao acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

#### **6.5. Medidas para a información e formación da comunidade educativa:**

Co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, elaboraranse e adaptaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa (será o DO o que se ocupe desta labor coa colaboración do Equipo de Normalización Lingüística).

Ademais levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Actuacións de información e sensibilización sobre a diversidade sexual e de xénero dirixidas a todo o alumnado, con especial atención ó recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de **autocoñecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo** (que se desenvolverán a través do PAT).
- Actividades, especificamente deseñadas para ó alumando, que faciliten o achegamento a realidade transexual: visionado do filme “La chica danesa” con actividades elaboradas polo DO, participación no programa QUEROTE + que inclúe como un dos bloques temáticos esta realidade,...
- Realización de actividades formativas destinadas a profesorado, equipo directivo, orientadora e familias; relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ó coñecemento da realidade transexual.

- Fomento da dispoñibilidade, na Biblioteca do centro, de material sobre diversidade sexual que se adecúe á finalidade de respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Promover a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas transexuais mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con especial atención ás Escolas de Nais e Pais.

#### **6.6. Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero:**

- Tal e como recolle a normativa na materia, o Plan de Convivencia do centro recollerán o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse, actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos.
- Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos establecidos no noso Plan de Convivencia.
- Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

#### **7. IMPLEMENTACIÓN:**

O longo deste protocolo xa se foi sinalando as accións que deberían levar a cabo os diversos membros da comunidade educativa, particularmente: titor/a, orientadora e dirección do centro.

Non obstante, o protocolo inclúe actuacións de difusión e información que se desenvolverán a través do PAT e de actividades complementarias ou extraescolares; así como accións enmarcadas no Protocolo de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.

Compre ter en conta que estes dous protocolos forma parte do Plan de Convivencia, polo que deben ser considerados como un único documento.

## 8. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Unha vez aplicado é preciso avalialo, para elo compre apoiarnos nos criterios de avaliación. Algúns dos cales poden ser:

- Satisfacción dos implicados/as.
- Incremento das relacións de amizade/ compañeirismo entre o alumnado.
- Diminución dos conflitos interpersonais relacionadas coa diversidade sexual e a orientación sexual.
- Adecuación da información proporcionada ó alumnado, profesorado e familias acerca do protocolo de identidade de xénero.
- Incremento da participación dos diferentes membros da comunidade nas actuacións preventivas desenvolvidas.
- Adecuación das actividades e recursos empregados.
- Sensibilización de toda a comunidade educativa en temas relacionados coa diversidade sexual.

Esta avaliación non só é preciso realizala ao finalizar cada curso académico, senon tamén durante o desenvolvemento do mesmo, e se debe dirixir tanto á consecución dos obxectivos propostos como ó deseño, desenvolvemento e implementación do protocolo establecido.

Algúns instrumentos que podemos utilizar son: cuestionarios, entrevistas, observación, protocolos, análise de tarefas,...

Os procedementos que podemos utilizar son: a autoavaliación e a coavaliación.

Os responsables da avaliación son todos os que interveñen de forma directa: profesorado responsable da atención e apoio á presunta vítima, profesorado responsable da tramitación, titores/as, equipo directivo, departamento de orientación, alumnado e profesorado (implicado e non implicado en posibles situacións de acoso ou ciberacoso). E entre os axentes externos: familias, servizos sociais do concello, ..

O remate de cada curso escolar a Comisión de convivencia valorará a efectividade ou non deste protocolo, realizando as propostas de mellora que considere oportunas.

## 9. BIBLIOGRAFÍA:

- López Sánchez, F. (2013): **Identidad sexual y orientación del deseo en la infancia y adolescencia**. En AEPap ed. Curso de Actualización Pediatría.
  - **Guía abrazar la diversidad: propuesta para una educación libre de acoso homofóbico y transfóbico**. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
  - Sánchez, F. e outros (2006): Programa Bienestar. Ediciones Pirámide: Madrid.
  - López Sánchez, F (2005): La educación sexual. Biblioteca Nueva: Madrid.
  - Principado de Asturias (2007): Cinesex. Cine y Educación Sexual con jóvenes.
  - Varios (2015): Guía didáctica sobre transexualidad para jóvenes y adolescentes. COGAM
- Páxinas web:
- + <http://www.institutodesexologia.org/jovenes.html>
  - + <http://educagenero.org/>
  - + <http://pantallasamigas.net/recursos-educativos-materiales-didacticos/canal-youtube-recursos-didacticos-videos-animaciones-seguridad-internet/>
  - + <http://www.harimaguada.org/materiales-didacticos/>
  - + <http://www.formajoven.org/course/view.php?id=7>

## 10. CONCLUSIÓN:

A educación afectivo-sexual, en especial o relativo á identidade sexual, así como a diversidade sexual, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumando a aprendizaxe y a práctica de valores baseados no respecto ás diferencias e na tolerancia e a sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara os transexuais.